

Disposición derradeira segunda.-Desenvolvemento regulamentario da lei.

Autorízase o Consello da Xunta para dicta-las disposicións para o desenvolvemento regulamentario desta lei.

Disposición derradeira terceira.-Entrada en vigor.

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, trinta de decembro de dous mil dous.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE INDUSTRIA E COMERCIO

Orde do 30 de decembro de 2002 pola que se establecen indemnizacións polo cesamento total de actividade de retalistas e vendedores ambulantes de peixe e mariscos que se subministren integramente en lonxas pechadas por decisións administrativas debido ós vertidos do Prestige.

A normativa en vigor para paliar os efectos dos vertidos do Prestige abarca un conxunto de medidas reparadoras da catástrofe, tanto de carácter xeral -reais decretos leis 7/2002, do 22 novembro e 8/2002, do 13 de decembro- como de carácter sectorial -ordenes da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, do 13 de novembro e 3, 11, 19 e 20 de decembro, todas dE 2002-.

En ámbolos grupos de disposicións non se inclúe expresamente o colectivo de vendedores retalistas de peixe e marisco que se provexan integramente en lonxas para vender logo en mercados e prazas de abastos. Tampouco se inclúen os vendedores ambulantes coa mesma orixe e circunstancias de abastecemento.

Non obstante o anterior e tras unha avaliación dos efectos do vertido do Prestige sobre eses colectivos, parece equitativa unha actuación indemnizatoria sobre eles, completando así o esquema normativo sobre indemnizacións a aqueles sectores máis directamente afectados pola catástrofe. É obxecto da presente orde establecer precisamente o alcance, condicións e trámite para a inmediata posta en marcha das devanditas indemnizacións.

Na súa virtude,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Beneficiarios.

Son beneficiarios aquelas persoas que, cesando totalmente na súa actividade por motivos da catás-

trofe do Prestige, se atopen entre algunhas das seguintes categorías:

a) Vendedores retalistas de peixe e marisco que vendan en mercados e prazas de abastos e se provexan en exclusiva en lonxas pechadas a toda actividade por decisións administrativas derivadas dos efectos do Prestige.

b) Vendedores retalistas ambulantes que se subministren nas mesmas circunstancias da alínea anterior.

Artigo 2º.-Contía da indemnización e financiamento.

a) Cada beneficiario percibirá 35 euros por cada día de total inactividade con efectos retroactivos do 1 de decembro de 2002.

b) O dereito a percibi-la indemnización cesará pasados 7 días hábiles desde a data oficial de apertura da lonxa.

c) As indemnizacións previstas na presente orde imputaranse ó concepto orzamentario que se habilite e aboaranse mensualmente, a meses vencidos, de conformidade co procedemento aprobado por resolución da Consellería de Economía e Facenda do 15 de novembro de 2002.

Artigo 3º.-Compatibilidade e incompatibilidade.

a) As indemnizacións previstas nesta orde son compatibles coas axudas previstas nos reais decretos lei 7/2002, do 22 de novembro, e 8/2002, do 13 de decembro, cando resulten de aplicación.

b) Son incompatibles coa realización polo beneficiario de calquera actividade laboral, empresarial ou profesional durante o tempo no que perciba a indemnización. Son incompatibles, así mesmo, coas prestacións e subsidios que puidesen percibi-los beneficiarios en concepto de desemprego.

Artigo 4º.-Trámite.

1. Os posibles beneficiarios presentarán unha instancia dirixida ó conselleiro de Industria e Comercio, acompañada pola seguinte documentación:

-Solicitude normalizada (anexo I).

-Declaracións xuradas (anexo II).

-Carné de comprador da lonxa ou lonxas afectadas, ou, se é o caso, certificado destas de que os solicitantes se abastecían con produtos dela.

-Certificación da entidade bancaria que acredite o número de conta do beneficiario para o pagamento da indemnización.

-Fotocopia do DNI.

-Último recibo do IAE.

-No suposto do artigo 1.a) (vendedores retalistas de peixe e marisco en mercados e prazas de abastos), certificado do concello/s correspondente de que o posible beneficiario deixou de exercer-la actividade comercial como consecuencia do accidente do Prestige.

2. As solicitudes, coa documentación citada en 4º.1., poderán presentarse nos concellos das zonas afectadas ou ben directamente nas delegacións provinciais ou servicios centrais da Consellería de Industria e Comercio, sen prexuízo do establecido no artigo 38.4º da Lei 30/1992.

3. A data límite de presentación de toda a documentación será o 20 de xaneiro de 2003.

4. Calquera variación nas circunstancias declaradas polos posibles beneficiarios deberá notificarse de inmediato á Consellería de Industria e Comercio, a través da Dirección Xeral de Comercio e Consumo.

Artigo 5º.-Control e réxime xurídico.

1. Sen prexuízo das competencias doutras administracións públicas, a Consellería de Industria e Comercio en calquera momento poderá comproba-lo cumprimento dos requisitos da concesión de indemnizacións.

2. Para todo o non previsto na presente orde será de aplicación o Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposicións transitorias

Primeira.-Os posibles beneficiarios que presentasen solicitude ante a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos non terán que presentar nova instancia ante a Consellería de Industria e Comercio, sen prexuízo de que poida requirirse completa-la documentación a teor do esixible no artigo 4º desta orde.

Segunda.-Tódolos actos de trámite dictados nos expedientes de gasto regulados nesta orde entenderanse condicionados a que, ó dictarse o acordo de compromiso do gasto, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento no que se produciron aqueles actos.

Terceira.-Facúltase o director xeral de Comercio e Consumo para dicta-las disposicións necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2002.

Juan Rodríguez Yuste
Conselleiro de Industria e Comercio

ANEXO I
CONSELLERÍA DE INDUSTRIA E COMERCIO



PROCEDEMENTO AXUDAS A PEQUENOS COMERCIANTES E VENDEDORES AMBULANTES DE PESCADO APECTADAS POLO ACCIDENTE DO BUQUE PRESTIGE	CODIGO DO PROCEDUREMTO IN220A	DOCUMENTO SOLICITUDE
-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-----------------------------------------	--------------------------------

Nome	CIF/NIF	
Domicilio	Localidade	
Provincia	Código postal	Teléfono
		Fax

DATOS BANCARIOS

Nome do banco	Domicilio	Provincia
Poboación		
Orxinal bancario	Código banco	Código sucursal
		Código conta corrente

En a súa representación

APELLIDOS	Nome	DNI
CARGO		

<input type="checkbox"/> VENDEDOR RETALLISTA DE VENDA DE PESCADO E MARISCOS EN PRAZA OU MERCADO. <input type="checkbox"/> VENDEDOR RETALLISTA AMBULANTE DE VENDA DE PESCADO E MARISCOS. MARCALLI OPCIÓN QUE CORRESPONDA

LEXMELIACION AFICABLE Orde do 30 de decembro de 2002 pola que se establecen indemnizacións polo cesamento total de actividade de retalistas e vendedores ambulantes de peixe e mariscos que se subministren integramente en lonxas pechadas por decisións administrativas debido ós veridos do Prestige.	SINTURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA _____ de _____ de 200
(Para cubrir a Administración) RECIBIDO REVISADO E CONFORME	NUMERO DE EXPEDIENTE DATA DE ENTRADA / / DATA DE EFECTOS / / DATA DE SALIDA / /

Conselleiro de Industria e Comercio

ANEXO II

Don/Dona _____ NIF/CIF _____

Vendedor/a retalista de peixe e marisco que marca exclusivamente nas lonxas de _____ e vende na praza do concello de _____

Vendedor/a ambulante de peixe e marisco que marca exclusivamente nas lonxas de _____

(Cúbrase a opción que corresponda)

Solicitante das axudas previstas na orde da Consellería de Industria e Comercio do 30 de decembro de 2002, pola que se establecen as axudas a pequenos comerciantes e vendedores ambulantes de peixe afectados polo accidente do buque "Prestige", E QUE CESOU NO DESEMPEÑO DA SÚA ACTIVIDADE O DÍA: _____ DE 2002.

DECLARO BAIXO XURAMENTO:

PRIMEIRO.- QUE ME ENCONTRO IMPOSIBILITADO/A PARA EXERCER-LA ACTIVIDADE COMERCIAL DEBIDO A QUE ME ABASTECÍA EXCLUSIVAMENTE NAS LONXAS DE PESCADO AFECTADAS POLO ACCIDENTE DO BUQUE PRESTIGE.

SEGUNDO.- QUE ME COMPROMETO A PERMANECER INACTIVO/A DURANTE O TEMPO QUE PERCIBA AS AXUDAS PREVISTAS EN DITA ORDE, NO SUPOSTO DE QUE REALIZASE ALGUNHA PRESTACIÓN LABORAL EN DITO PERÍODO PROCEDEREI Á DEVOLUCIÓN DO INDEBIDAMENTE PERCIBIDO.

TERCEIRO.- QUE NON PRETENDO SOLICITA-LA PRESTACIÓN OU SUBSIDIO POR DESEMPEÑO QUE PUIDESE CORRESPONDERME POLO DITO PERÍODO, NO CASO QUE SOLICITASE AS CITADAS PRESTACIÓNS COMPROMÉTOME Á DEVOLUCIÓN DAS AXUDAS INDEBIDAMENTE PERCIBIDAS,

_____ de _____ de 2003

CONSELLERÍA DE POLÍTICA AGROALIMENTARIA E DESENVOLVEMENTO RURAL

Orde do 23 de decembro de 2002 pola que se convocan, para o ano 2003, as restitucións á produción no sector dos cereais.

A orde da Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria do 24 de maio de 2000 (DOG nº 106, do 1 de xuño) regula o procedemento para a concesión de restitucións á produción no sector dos cereais, conforme o previsto nos regulamentos (CEE) 1766/1992, do Consello, e 1722/1993, da Comisión, de acordo coas funcións que lle corresponden ó Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia (Ilgga) para a execución da política da consellería en relación coas accións derivadas da aplicación da política agrícola común (PAC) e para o funcionamento das distintas organizacións comúns de mercados.

A devandita orde cumpre os extremos previstos, para as bases reguladoras aplicables á concesión de axudas e subvencións, no artigo 78.6º do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, conforme a redacción dada pola Lei 8/1999, do 30 de decembro, de medidas fiscais e orzamentarias e de función pública e actuación administrativa, polo que previstas as bases reguladoras das restitucións á produción no sector

dos cereais, con vixencia indefinida, na Orde do 24 de maio de 2000, cómpre establece-la convocatoria das devanditas restitucións para o ano 2003, mediante a presente orde que, á súa vez, cumpre os requisitos esixidos no artigo 8.3º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Polo tanto, de acordo co disposto no artigo 30.I.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, modificada pola Lei 11/1988, e no Decreto 50/2002, do 14 de febreiro,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

A presente orde ten por obxecto establece-la convocatoria, para o ano 2003, das restitucións á produción no sector dos cereais, de acordo coas bases reguladoras previstas na Orde do 24 de maio de 2000, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 106, do 1 de xuño.

Artigo 2º.-Condicións e finalidade.

1. Para poder acceder ás restitucións á produción no sector dos cereais, deberanse cumpri-los requisitos establecidos no artigo 2 da Orde do 24 de maio de 2000.